

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MOAÑA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vista a proposta da Concellaría de Urbanismo e Medio Ambiente incluída neste expediente e que di:

Antecedentes

No Diario Oficial de Galiza do 17/08/2018, consta a Orde do 9/08/2018 pola que se publica o Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Mediante resolución de alcaldía núm. 2019-0789, de data 16/10/2019, aprobouse inicialmente o devandito Plan e someteuse a información pública para logo de rematado o período de exposición pública e resoltas no seu caso, as alegacións presentadas, remitir o documento á Dirección Xeral de Montes da Xunta de Galicia para o seu informe.

Ademais, constan no expediente publicación da aprobación inicial no BOPPO nº206 do 25/10/2019, certificado de exposición pública no taboleiro de anuncios do Concello de data 27/04/2020 e exposición na páxina web dende o 28/10/2019 ata o 20/12/2019.

Constan no expediente alegacións presentadas en tempo e forma polo COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS FORESTAIS DE GALICIA, A COMUNIDADE DE MONTES DE MAN COMUN DE DOMAIO e de Don David Pérez Díaz, en representación de Don Celso Díaz González.

O Concello de Moaña, con data 15/11/2019 (2019-S-RC-2413), remitiu as alegacións presentadas polo COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS FORESTAIS DE GALICIA, para a evacuación do Informe preceptivo e de carácter vinculante sobre as mesmas.

Emitiuse informe técnico do Arquitecto Municipal, Gumersindo Ferro Pichel, con data 26/03/2020, concluíndo que as alegacións presentadas pola CMMC de Domaio e por D. Celso Díaz González, concluíndo expresamente: "A Alegación ao PMPDIF, debe ser rexeitada unha vez que O SURT-2, conta con Plan Parcial e Proxecto de urbanización, aprobados definitivamente polo que non é de aplicación a Disposición transitoria 5ª da Lei 3/2007 do 9a de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia".



Xoves, 18 de xuño de 2020

Núm. 116

Con data 24/02/2020 (2020-E-RC-1278), o Concello de Moaña recibiu a Remisión do “Plan Municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Moaña” asinado por Don Pablo Arbones Maciñeira (enxeñeiro de montes, colexiado nº2171) e Dona Mari Carmen Paz López (enxeñeira técnico forestal, colexiada nº1265). Así mesmo, recibíuse o informe preceptivo e vinculante (de data 21/02/2020) asinado polo Subdirector Xeral de Prevención, Don Iñaki Bergaretxe Urdanpilleta, da Dirección Xeral de Defensa do Monte, da Consellería de Medio Rural, que conclúe:

“ALEGACIÓNS PRESENTADAS POLO COLEXIO DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS FORESTAIS DE GALICIA

En resposta á primeira alegación relativa ao incumprimento do requisito de autoría, acompaña a este informe o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Moaña asinado por técnicos competentes en materia forestal, tal e como establece o artigo 13.6 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. A versión do Plan remitida ao Concello de Moaña estaba suxeita a revisión, sendo asinada polos seus autores unha vez recibida a información da súa aprobación inicial por parte do devandito Concello, sen que se propoña ningún cambio pola súa parte.

En resposta á segunda alegación relativa ao incumprimento da normativa en materia de emerxencias, a entidade alegante, na súa alegación, obvia o establecido no artigo 16.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que establece que o ámbito do plan poderá ser de todo o concello ou ilo desenvolvendo por zonas. Respecto á non definición ni concreción dos membros e funcións do CECOPAL e do director do PAM, e outros puntos mencionados na alegación, a entidade alegante parece ignorar que o plan de acción municipal (PAM) é un documento contemplado no plan Especial de Protección Civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (PEIFOGA) e que non todos os concellos están obrigados a elaboralo senón só aqueles con todo ou parte do seu territorio en zonas de alto risco (ZAR), así como aqueles con risco alto ou moi alto. A elaboración dos PAM corresponde aos concellos, pero a súa homologación é unha competencia da Comisión Galega de Protección Civil, un ámbito sobre a que a Dirección Xeral de Defensa do Monte non ten competencia ningunha, aínda que ten representación na devandita Comisión. Outra cuestión distinta é a integración dos plans de prevención e defensa contra incendios forestais contemplados na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, nos PAM, cousa que está contemplada no PEIFOGA e no propio artigo 16 da Lei 3/2007.

En resposta á terceira alegación é preciso reiterar o indicado enriba en canto ao establecido no artigo 16.4 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e que, en liña co que se recolle no derradeiro parágrafo do apartado anterior, nunha fase posterior, a planimetría sinalada nos puntos 2.2, 2.3 e 2.4 incluírase no plan unha vez que se delimiten as faixas secundarias de xestión de biomasa arredor das vivendas illadas, e se inclúa o inventario da rede de pistas, vías, camiños e estradas de titularidade municipal e dos montes de titularidade municipal, se os houber..”

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:GG01EPZ78HRZIZYY



Esta Alcaldía no exercicio das competencias atribuídas polo artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, polo artigo 24.f) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Vixentes en Materia de Réxime Local, e no artigo 186 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

RESOLVE:

PRIMEIRO. Desestimar as alegacións presentadas polo COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROUS TÉCNICOS FORESTAIS DE GALICIA, polos motivos expresados no Informe da Dirección Xeral de Defensa do Monte de data 21/02/2020, do que se remitirá copia ao interesado xunto coa notificación do presente Acordo.

SEGUNDO. Desestimar as alegacións presentadas pola COMUNIDADE DE MONTES DE MAN COMUN DE DOMAIO, polos motivos expresados no Informe Técnico Municipal de data 26/03/2020, do que se remitirá copia ao interesado xunto coa notificación do presente Acordo.

TERCEIRO. Desestimar as alegacións presentadas por DON DAVID PÉREZ DÍAZ, EN REPRESENTACIÓN DE DON CELSO DÍAZ GONZÁLEZ, polos motivos expresados no Informe Técnico Municipal de data 26/03/2020, do que se remitirá copia ao interesado xunto coa notificación do presente Acordo.

CUARTO. Aprobar definitivamente o “Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Moaña”, subscrito por Don Pablo Arbones Maciñeira (enxeñeiro de montes, colexiado nº2171) e Dona Mari Carmen Paz López (enxeñeira técnico forestal, colexiada nº1265).

QUINTO. Comunicar o presente acordo á Dirección Xeral de Montes por rexistro electrónico e achegar a documentación acreditativa do correspondente acordo para que as faixas secundarias delimitadas no Plan pasen a ter a consideración de definitivas e poidan ser amosadas no visor público.

SEXTO. Publicar no Boletín Oficial da Provincia a Resolución de aprobación definitiva do “Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Moaña”, así como na sede electrónica do Concello [<http://concellodemoana.sedelectronica.gal>].

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

